



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO

Luns 27 de abril de 2026

Sr. Alcalde-Presidente:

SANDRA INSUA RIAL

Sres. Concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

ROSA ANA BARBEIRA FANDIÑO

JESUS ROMAR CANOSA

FABIAN CANOSA PASANTES

SERGIO CAAMAÑO FERNANDEZ

BEGOÑA TAJES MENDEZ

GERMAN CAMIÑO MOUZO

ENCARNACION LIÑEIRO POUSO

GRUPO MIXTO - BNG

XURXO M. RODRIGUEZ BAÑA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

MANUEL MEJUTO RIOS

JUAN CARLOS AMADO SAMBADE

PAULA MOUZO MAS

Escusa a súa asistencia

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

MARTA MARIA MOUZO POSE

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ.

Interventora:

M^aEMILIA GARCIA MANEIRO

En Camariñas, sendo as 09:05 horas do luns 27 de abril de 2026 e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, e a interventora da Corporación, dona María Emilia García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión Extraordinaria** .

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sra. Alcaldesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 23 DE MARZO DE 2026.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27 DE MARZO DE 2026.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 1 DE ABRIL DE 2026.

4º. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E APROBACIÓN DE MEMORIA DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA MOSTRA DO ENCAIXE 2026. EXPEDIENTE: 2026/A007/000001.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 08/2026 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2026. FINANCIADO CO REMANENTE DE TESOURERÍA.

6ª.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 9/2026 MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2026 FINANCIADO CO REMANENTE DE TESOURERÍA.

7º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2026.

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 23 DE MARZO DE 2026.

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de

2 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27 DE MARZO DE 2026.

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 1 DE ABRIL DE 2026.

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

4º. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E APROBACIÓN DE MEMORIA DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA MOSTRA DO ENCAIXE 2026. EXPEDIENTE: 2026/A007/000001.

Consta no expediente o ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno, extraordinaria, de data 20 de abril de 2026, que a continuación se transcribe:

“ASUNTO.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DE MEMORIA DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA MOSTRA DO ENCAIXE 2026.

EXPEDIENTE.- 2026/A007/000001

Visto que a Mostra do Encaixe Deputación da Coruña celébrase sempre coincidindo coa Semana

Santa, nesta XXXV edición, do 1 ao 5 de abril de 2026.

3 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Visto que a Mostra do Encaixe Deputación da Coruña é un dos piares fundamentais de desenvolvemento económico da comarca e da provincia e que o orzamento do Concello de Camariñas é incapaz de soportar a totalidade do gasto que a celebración da mesma leva consigo.

Visto que a colaboración económica da Deputación, asegura a potenciación dunha actividade de grande interese para a provincia como é a posta en valor do sector do encaixe e que se converta nunha actividade rendible de futuro. A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas, está dentro dun proxecto que o Concello de Camariñas está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palilleiras para promover o cooperativismo e dar transcendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas deseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial. O proxecto presentado para a Mostra, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva dos distintos Departamento da Deputación Provincial, tendo en conta ademais que afecta a varias areas de competencias, promoción económica, cultural e turística e conleva un grande impacto tanto a nivel municipal como provincial

Vista a memoria do investimento, asinada en data 18 de marzo de 2026, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial, así como a restante documentación obrante no expediente.

Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a Memoria do Investimento denominada “XXXV Mostra do Encaixe Deputación da Coruña do 1 ao 5 de abril de 2026” e o orzamento total que ascende á cantidade de 170.795,35 euros.

Segundo.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña unha subvención nominativa por

importe de 120.000 € para o financiamento da citada Mostra, que supón un coeficiente de financiamento pola Excm. Deputación do 70,26%.

Terceiro.- Declarar o interese público provincial no financiamento do citado

4 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

investimento, xa que de acordo co artigo 36 da LBRL é competencia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, atopándose o Concello de Camariñas nesta situación de menor capacidade económica.

Cuarto.- *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións*

administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*

Sexto.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Sétimo.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Oitavo.- *Dar traslado do presente acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña.*

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial.

A Alcaldesa explica que o punto refírese a solicitude da subvención á Deputación de 120.000 euros para a Mostra de Encaixe, e di que intentou que lle subiran a 150.000 euros pero foi caso perdido.

Dona Paula pide acceso ao orzamento xeral e detallado dos gastos da Mostra 2026.

Don Xurxo di que ve que a Mostra se esta convertendo nunha feira de oportunidades, e que o posto das gafas da entrada foi un erro clamoroso e di que é mellor perder dimensión.

A Alcaldesa di que están de acordo con que o stand das gafas non pintaba nada alí, pero que se a crítica é solo por ese stand, quedase con iso, que son 35 anos e non é fácil manter unha mostra monotemática.

Dona Encarna pide a palabra e di que as gafas tampouco lle gustaron e que se fora por ela o martes levaban todo, pero non lle deixaron e explica que as fotos dos stands que mandaron non eran así, pero non se pode xulgar unha mostra, que estaba preciosa, por un solo stand.

5 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 11

0 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 1

1 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado: Aprobada

**5º. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 08/2026 MEDIANTE
SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2026. FINANCIADO CO REMANENTE DE
TESOURERÍA.**

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de contas, extraordinaria, de data 20 de abril de 2026, que a continuación se transcribe:

“EXPTE:2026/T002/000008

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2025 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 480.985,18 €.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non

6 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

ampliable, e dado que a Entidade dispón de remanente líquido de Tesourería se fai precisa a modificación de créditos de dito Orzamento da Entidade.

Este suplemento de crédito ten como finalidade:

- Dotar do crédito necesario para aprobar aqueles gastos realizados no ano 2025 pero que as facturas no foron emitidas o enviadas ata o ano 2026 .
- Aprobar os desprazamentos realizados por traballadores no ano 2025 que quedaron pendentes de pago.

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 8/2026 por suplemento de crédito 2/2026, financiado có Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, segundo o desglose que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto os informes da Intervención Municipal de data 15/04/2026 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de 78.701,39 €, financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

Aplic.	Descrición.	Modificación	Importe
20261532 21000	Pavimentación de vías públicas/Reparación de infraestruturas	Suplemento de crédito	7.953,46 €
20261532 22199	Pavimentación de vías públicas/Outros suministros	Suplemento de crédito	2.473,43 €
2026160 21000	Alcantarillado/ Reparación de infraestruturas	Suplemento de crédito	2.591,82 €
2026160 21300	Alcantarillado/Reparación de maquinaria	Suplemento de crédito	315,51 €
2026160 22799	Alcantarillado/Outros traballos	Suplemento de crédito	1.377,42 €

7 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Aplic.	Descrición.	Modificación	Importe
	<i>realizados por empresas</i>		
2026161 21000	Abastecemento domiciliario de auga potable/ Reparación de infraestruturas	Suplemento de crédito	2.198,26 €
2026161 20300	Abastecemento domiciliario de auga potable/Aluguer maquinaria	Suplemento de crédito	343,80 €
2026161 22199	Abastecemento domiciliario de auga potable/Outros suministros	Suplemento de crédito	542,27 €
2026163 22700	Limpeza viaria/Servizo de limpeza	Suplemento de crédito	2.057,00 €
20261622 22700	Xestión de residuos sólidos urbanos/Limpeza e aseo	Suplemento de crédito	2.427,65 €
2026165 21000	Alumeado público/Reparación de infraestruturas	Suplemento de crédito	990,99 €
20261621 22199	Recollida de residuos/Outros suministros	Suplemento de crédito	509,16 €
20261721 21000	Protección contra a contaminación acústica/ Reparación de infraestruturas	Suplemento de crédito	3.326,40 €
2026241 21200	Emprego/Reparación edificios	Suplemento de crédito	461,01 €
2026241 22000	Emprego/ Material de oficina	Suplemento de crédito	55,01 €
2026311 22799	Salubridade/Outros servizos	Suplemento de crédito	4.314,16 €
2026323 21300	Centros docentes/Reparación de maquinaria	Suplemento de crédito	1.381,77 €
2026323 21200	Centros docentes/Reparación de edificios	Suplemento de crédito	1.905,99 €
2026 333 21300	Museos/Reparación maquinaria	Suplemento de crédito	529,16 €
2026 334 22609	Promoción cultural/Actividades	Suplemento de crédito	1.098,44€
2026338 22601	Festas populares/Atencións	Suplemento de crédito	913,00 €

8 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

<i>Aplic.</i>	<i>Descrición.</i>	<i>Modificación</i>	<i>Importe</i>
	<i>protocolarias</i>		
2065 338 20300	<i>Festas populares/Aluguer de maquinaria</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	6.959,68 €
2026338 21000	<i>Festas populares/Reparación de infraestructuras</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	727,21 €
2026338 22199	<i>Festas populares/Outros suministros</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	2.299,00 €
2026338 22701	<i>Festas populares/Seguridade</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	954,82 €
2026338 22799	<i>Festas populares/Outros servizos</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	1.199,11 €
2026338 22602	<i>Festas populares/Publicidade</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	1.298,09 €
2026338 22609	<i>Festas populares/actividades culturais e deportivas</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	2.577,30 €
2026341 22699	<i>Promoción e fomento do deporte/Outros gastos diversos</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	31,90 €
2026342 21200	<i>Instalacións deportivas/Reparación de edificios</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	1.217,95 €
2026342 22199	<i>Instalacións deportivas / Outros suministros</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	112,86 €
2026439 22199	<i>Outras actuacións sectoriais/ Outros Suministros</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	20.702,48 €
2026439 22300	<i>Outras actuacións sectoriais/Transportes</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	49,61 €
2026912 22601	<i>Organos de Goberno/Atencións protocolarias</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	411,40 €
2026920 22199	<i>Administración xeral/Outros suministros</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	863,38€

9 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

<i>Aplic.</i>	<i>Descrición.</i>	<i>Modificación</i>	<i>Importe</i>
2026920 22200	Administración xeral/Comunicacións	Suplemento de crédito	3,93 €
2026920 22604	Administración xeral/Xurídicos	Suplemento de crédito	871,04 €
2026929 21300	Imprevistos e funcións non clasif./Reparación maquinaria	Suplemento de crédito	144,24 €
TOTAL			78.701,39 €

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
87000	78.701,39 €	Remanente de Tesourería para gastos xerais

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

En Camariñas, A Alcaldesa

Sandra Insua Rial.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.”

A Alcaldesa explica que co remanente van facer un suplemento e crédito extraordinario para pagar o REC.

Dona Paula di que hai varias cousas graves que detalla o informe de intervención, e detalla as seguintes facturas:

- Facturas relativas a obras realizadas no Concello por mais de 70.000 euros, que non é un contrato menor.
- Facturas de armario metálico de persiana, mobles Camariñas, sillas de oficina.
- Factura instalación de cadro navideño en Xaviña, pregunta se é a mano de obra e a

10 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Alcaldesa di que tamén necesita boletín.

- Factura de cortinas para a Mostra de Encaixe de 25.050 euros que tamén debería ser licitado.

E conclúe que o recoñecemento extraxudicial de crédito que son 111 facturas por un importe de mais de 170.000 euros con reparo de intervención poñen de manifesto que o goberno de Camariñas móvese entre unha mala xestión e unha xestión sospeitosa, por un lado mala porque hai un atraso nos pagos e por outro lado sospeitosa porque algunha das facturas apuntan ilícitos administrativos graves en materia de contratación e pode que se cruzara a fronteira entre o ilícito administrativo do ilícito penal e sinala que unha cousa é que os empresarios cobren e outra cousa é que non se advirta.

Don Xurxo sinala que se pode mellorar moito a contratación de moitos servizos, con mais previsión o que podería dar lugar a un aforro.

A Alcaldesa contesta que os 480.985 do remanente so pode gastarse en facturas que cheguen no ano anterior. En canto a obra do ascensor saíu de control, porque se fixo moito mais, porque ao empezar a obra foi necesario e o mesmo os mobles e di que pode haber un ilícito administrativo, pero ilícito penal non hai, non ten ningún interese en nada.

Dona Paula pregunta porque non se licitou o tema das cortinas para a Mostra, e a Alcaldesa explica que as cortinas vellas da Mostra foron para o Pontefriki e houbo que adaptar as cortinas vellas para o pavillón da Ponte e compraron novas para a Mostra, e non había tempo para licitar dende a celebración de Pontefriki á celebración da Mostra e en Camariñas so hai unha persoa que as venden e aínda así se pediron orzamentos.

Dona Paula pregunta por una factura de Sistnorth, 4 unidades de montaxe e colocación de tira led string para adorno e iluminación de árbores naturais en Camariñas, a Alcaldesa explica que foi a empresa que fixo a iluminación de nadal, que non entrou dentro da licitación e que o ano que ven o meteran e dona Encarna explica as zonas iluminadas, que non foron árbores, senón zonas.

Dona Paula pregunta senón pensaron en licitar as carpas, pois é bastante gasto ao longo do ano, a Alcaldesa di que se pensou en comprar unha, pero o problema é que hai que montala, que require un seguro e licitalo pois si, pero os medios son os que son.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

11 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado: Aprobada

**6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 9/2026 MEDIANTE
CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2026 FINANCIADO CO REMANENTE DE
TESOURERÍA.**

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de contas, extraordinaria, de data 20 de abril de 2026, que a continuación se transcribe:

“EXPTE:2026/T002/000009

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2025 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 480.985,18 €.

Visto as facturas que constan no rexistro municipal, tendo en conta que se trata de gastos efectivamente realizados, para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación, e dado que a Entidade dispón de remanente líquido de Tesourería se fai precisa a modificación de créditos de dito Orzamento da Entidade.

Esta modificación vaise destinar a aprobar aquelas facturas correspondentes a gastos realizados no exercicio 2025 e que foron presentadas ou emitidas no ano 2026 ; polo que integran a conta 413 (Acredores pendentes de aplicar ó peche do exercicio).

12 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 9/2026 mediante crédito extraordinario 03/2026 financiado có ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do exercicio 2026.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e vistos os informes da Intervención Municipal de data 15/04/2026 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 9/2026 mediante crédito extraordinario 03/26, por importe de 87.299,03 €, financiado co remanente líquido de tesouraría, có seguinte detalle:

GASTOS.-

Aplic.	Descrición.	Modificación	Importe
2026 165 22706	Alumado público/ Estudios e proxectos técnicos	Crédito extraordinario	7.272,10 €
2026 231 22609	Asistencia social primaria/ actividades culturais	Crédito extraordinario	1.000,00 €
2026 231 22601	Asistencia social primaria/ atencións protocolarias	Crédito extraordinario	297,66 €
2026 231 22300	Asistencia social primaria/ transportes	Crédito extraordinario	130,00 €
2026 231 22699	Asistencia social primaria/ Outros gastos	Crédito extraordinario	317,50 €
2026 338 20400	Festas populares/ Aluguer de vehiculo	Crédito extraordinario	242,00 €
2026920.63201	Administración Xeral /Edifícios administrativos	Crédito extraordinario	70.514,89 €
2026920.63500	Administración Xeral /Mobiliario	Crédito extraordinario	3.841,24 €
20261621.62500	Recollida de residuos	Crédito	3.630,00 €

13 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

<i>Aplic.</i>	<i>Descripción.</i>	<i>Modificación</i>	<i>Importe</i>
	/Mobiliario	extraordinario	
20263321.22609	Biblioteca/ Actividades culturais	Crédito extraordinario	53,64 €
TOTAL			87.299,03 €

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
87000	87.299,03€	Remanente de Tesourería para gastos xerais

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

En Camariñas, A Alcaldesa:

Asdo.: D^a Sandra Insua Rial

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado: Aprobada

7º. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2026.

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de contas, extraordinaria, de data 20 de abril de 2026, que a continuación se transcribe:

“EXPTE:2026/X999/000128

ASUNTO:RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2026

PROPOSTA DE DITAME

Vista a relación de facturas pendentes de aprobación, correspondentes a servicios/obras/prestacións efectuadas no exercicio 2025, que se relacionan a continuación por un importe total de 170.483,97 €

(IVE deducible 4.995,23 €).

Visto os desprazamentos do técnico deportivo e da directora da Mostra realizados no ano 2025 e que no foron abonados e que ascenden a 511,68 €

Visto que todas as facturas foron rexistradas no exercicio 2026 e que figuran na conta 413" Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento, xa que se tratan de servizos, subministrados ou obras realizados no ano 2025 pero cuías facturas foron presentadas no exercicio 2026 .

Visto ademais a necesidade de pagar ditas facturas toda vez que se está a incumprir o período legal de pago das mesmas, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre

15 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000005

outras facturas do exercicio en curso.

Visto que polo Pleno aprobouse a modificación 8/2026 e 9/2026 mediante suplemento de crédito e crédito extraordinario. Visto que vaise proceder á exposición pública de ditos expedientes; e no momento que entren en vigor constatarase a existencia de crédito para facer fronte a fitas obrigas.

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos terceiros sinalados, e visto o Informe de Reparo formulado pola Intervención Municipal por importe de 170.995,65 €, é polo que se propón a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Resolver a discrepancia formulada, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

